



Concello de Mugar dos
(A Coruña)

4/2022. ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DIA 15 DE MARZO DE 2022.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Mugar dos, sendo as nove horas e seis minutos do día 15 de marzo do ano dous mil vinte e dous, previa convocatoria e citación ó efecto, réunese o Concello Pleno en sesión extraordinaria urxente e primeira convocatoria, baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana María Varela Bastida D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, Dna. María Irene Toimil Fernández, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso e D. Ignacio Fernández Fernández. Non asisten, con excusa, as/os concelleiras/os Dna. María Dolores González Lorenzo, D. Iván Martínez González e D. Argemino Varela Filgueiras. Asiste tamén a interventora municipal Dna. Ana María Gómez Peña.

Actúa como secretario accidental - en ausencia do titular - o funcionario D. Diego Seijo Alonso, en virtude do nomeamento efectuado por Resolución do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 13.05.2014, e de acordo coa comunicación efectuada á Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia en data 09.03.2022 ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución núm. 2022-0227, de data 09.03.2022.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO CARÁCTER URXENTE DA CONVOCATORIA.

24 s: O sr. Alcalde da comezo á sesión plenaria e de seguido dá a palabra ao concelleiro da área de facenda, persoal e participación cidadá, aos efectos de que por este se xustifique o carácter urxente da convocatoria.

42 s: Polo sr. Mahía Prados faise unha exposición dos motivos que dan lugar á convocatoria da presente sesión plenaria aos efectos de que o Pleno se pronuncie sobre a urxencia dos asuntos comprendidos na mesma.

1 min 11 s: Polo sr. Alcalde sométese a votación a ratificación do carácter urxente da convocatoria.

E tra-la exposición dos motivos que xustifican a urxencia sométese a votación o carácter urxente da convocatoria, e o Pleno do Concello, por unanimidade, acorda ratificar o carácter urxente da mesma.

DIEGO SEIJO ALONSO (1 para 2)
SECRETARIO ACCIDENTAL
ID: 130642022
HASH: 061138a4f986e6922442e80d0c6af6b7



Juan Domingo De Deus Fonticoba (2 para 2)
ALCALDE
Data de Sinatura: 26/04/2022
HASH: c0a7813507c0d8aa48f9302e40fb559643



ACTA DO PLENO
Número: 2022-0004 Data: 26/04/2022



Cod. Validación: 936KRES34R4D4Yf9G64LA3SSG | Corrección: https://mugar dos.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 6



Concello de Mugarbos
(A Coruña)

2.- EXPEDIENTE 2034 /2021. APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE MUGARDOS CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2020.

1 min 21 s: Polo sr. Alcalde dáse lectura á denominación do presente punto da orde do día e de seguido dá a palabra ao concelleiro delegado de facenda, persoal e participación cidadá.

- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1 min 31 s: O sr. Mahía Prados di que o expediente ven ditaminado da Comisión Especial de Contas e que aínda que este expediente ven con bastante retraso o correspondente ao ano 2021 xa se está rematando en tesourería. De seguido di que este retraso, tras as explicacións facilitadas polos técnicos municipais, foi debido fundamentalmente aos problemas xurdidos á hora de casar os datos das compensacións de contratos e tódolos problemas que houbo pola suspensión dos mesmos. De seguido di que para a tramitación do expediente pediuse o soporte da Deputación da Coruña para ver como se podía facer con ese tipo de expedientes para así poder darlles o mellor trámite posible.

3 min 16 s: O sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere intervir e de seguido dá a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir neste primeiro turno de intervencións.

- 1º TURNO DE INTERVENCIÓNS

3 min 26 s: O sr. Martínez Bardanca di que o expediente ven moi fóra de prazo, e sinala que é un prexuízo para tódolos veciños que non haxa Conta Xeral porque é un requisito indispensable para poder acollerse a algún tipo de subvención e que ademáis supón un problema para que a oposición poida exercer a súa labor de control. De seguido di que o ano 2020 foi un ano complicado tanto polo tema do COVID coma polo tema de ser o primeiro ano de goberno do Partido Popular despois da alcaldía de Esquerda Unida, tendo en conta o problema que había daqueles pagamentos que había atrasados, aínda que sinala que tamén o COVID foi unha oportunidade para moitos concellos, no sentido de que se liberaba aos concellos deses plans económicos financeiros que impedían realizar os gastos, abríase a man coa contratación de persoal, eliminábase o tope de gasto que tiñan os concellos, pero que neste concello se perdeu esa oportunidade. De seguido, o sr. Martínez Bardanca di que con respecto á Conta Xeral do ano 2019 o concelleiro de facenda tiña informado no seu momento dos gastos sen contrato que se realizaran, que non había persoal de servizos, que se gastaran máis de 100.000 euros en desbroces, que había departamentos sen reforzar as plantillas, como intervención e secretaría, e que ese





Concello de Mugaros
(A Coruña)

sacrificio se ía a notar no verán do ano 2021 e que se relanzaría o Concello. De seguido di que aínda que as expectativas eran moi boas finalmente estas non se cumpriron, sinalando que o importe dos reparos suspensivos estiveron nos 542.000 euros, que se sacaron posteriormente dous contratos para a limpeza e os desbroces e que no ano 2020 nin se desbrozou nin se limparon os xardíns no Concello de Mugaros e que non se fixo ningunha contratación de persoal de servizos durante o ano 2020. E en canto á contratación de servizos, di que se pasa de 33 ou 34 contratos con reparos de intervención a 12, pero que moitos dos servizos non se prestaron durante o ano 2020. De seguido, di que no informe de intervención hai cuestións que son recorrentes e que requiren que se tomen medidas por parte do Concello, como son por exemplo o inventario de bens, que os ingresos non cobrados de exercicios anteriores seguen a estar sen regularizarse e que o levantamento de reparos da alcaldía ven motivado porque levan poucos meses no goberno, cando realmente xa son tres anos de goberno e non procedería esa motivación. Para rematar di que entende que se debería ter xestionado mellor durante o ano 2020 ou cando menos poñer as bases para que despois as contas do ano 2021 fosen mellores, indicando que se teme que pouca diferenza vai a haber coas do 2020.

11 min 25 s: Polo sr. Alcalde pregúntase se algún grupo municipal quere solicitar a apertura dun segundo turno de intervencións, dando de seguido a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir neste segundo turno de intervencións.

- 2º TURNO DE INTERVENCIÓNS

11 min 31 s: O sr. Mahía Prados intervéen indicando que quere aclarar varias cuestións. De seguido di que é certo que houbo e hai pagos pendentes, os cales se van a regularizar durante o presente ano. De seguido di que é certo que o Plan Económico Financeiro decaeu, pero que tamén é certo que se aprobou e houbo que tramitalo, co traballo que iso conleva. Con respecto ao desenvolvemento das ofertas de emprego di que na pasada Xunta de Goberno Local aprobouse o desenvolvemento dunha desas convocatorias que estaba na oferta de emprego do ano 2020, e sobre outro dos procedementos explicouse porque non se comezara aínda con ese procedemento en concreto, polo que a oferta de emprego si que se está a desenvolver. De seguido di que é falso que non se fixeran desbroces e que non se fixeran contratacións, e sinala que na vindeira comisión de obras se levarán os contratos de desbroces que se realizaron pola Xunta de Goberno Local. A continuación o sr. Mahía Prados di que a corrección do número de reparos non é suficiente mentres sigamos a ter reparos en determinados servizos e subministracións, e di que se pediu á secretaría, mediante providencia, que se diagnosticaran os servizos e subministracións que non teñen contrato para poder regularizalos, é á tesourería e intervención municipal se lle pediu a elaboración dun Plan de Acción de acordo coa normativa vixente. De seguido, e en relación coa





Concello de Mugarbos
(A Coruña)

contratación de servizos, indica que a liquidación do ano 2021 arroxa datos bastante esclarecedores a este respecto, indicando que a citada liquidación é a segunda vez consecutiva que se fai en tempo e forma. A continuación o sr. Mahía Prados di que aínda que é certo que falta persoal e faltan medios, no propio informe de control interno do Concello, no referente ao tema de contratación de servizos, faise referencia aos contratos de servizos iniciados, e no referente ao reforzo da plantilla, faise constar o reforzo efectuado na mesma ata o momento indicando ademais que se podería reducir a carga de traballo delegando a tesourería e a recadación na Deputación Provincial de A Coruña, para o que faría falta un acordo plenario que o autorizase. De seguido di, ao respecto dos ingresos sen regularizar, que a providencia emitida por este concelleiro o que establece é esa regularización que teñen que realizar os técnicos. Xa para rematar, o sr. Mahía Prados di que ao mellor se fallou en non explicar máis no que se estaba traballando, que se levarán os contratos á comisión de obras e que esta documentación estará a disposición de tódolos grupos políticos; indicando que a súa intención era corrixir a situación económica do Concello no verán do ano 2021 pero que non foi posible, e que os prazos para poder corrixila completamente dependen da carga de traballo dos funcionarios e non da vontade do concelleiro.

21 min 10 s: O sr. Alcalde intervéñ para darlle a palabra, por alusións, ao sr. Martínez Bardanca.

21 min 17 s: O sr. Martínez Bardanca di que no tema dos desbroces dixo que non se fixeran os desbroces, pero que non se refería a que non se fixeran os desbroces, senón a que non se fixeron por 100.000 euros, porque se no 2019 se desbrozaron 4 ou 5 veces no ano 2020 se desbrozou una ou dúas. De seguido di que hai que temas que están sen regularizar dende o ano 2019, como son a conta da Edar de Ares e a conta da piscina. De seguido, no referente ao cumprimento dos prazos no tema das liquidacións, di que iso non é algo extraordinario senón que é o que tería que acontecer sempre. A continuación, no tema das contratacións, di que pensa que se puido facer moito máis, posto que aínda que se contratou persoal específico para o departamento de contratación ven que á hora de contratar segue habendo problemas. Para rematar, o sr. Martínez Bardanca di que aínda que a xestión municipal ten boa vontade o resultando non é bo.

23 min 01 s: O sr. Alcalde di que en toda esta cuestión se está a esquecer unha cuestión fundamental, e é que no ano 2020 houbo unha pandemia que marcou o ritmo de calquera goberno e en maior medida do de Mugarbos, porque é un goberno en minoría e porque tiveron problemas moi serios que regularizar, e que polo tanto cre que, nun ano de pandemia e con 2,8 millóns de euros de débedas, o esforzo que fixo o goberno foi como mínimo digno de recoñecer. De seguido di que tamén quere facer constar que durante o ano 2020 fixéronse dous plans de rescate aos hostaleiros e autónomos, que conlevaron moitas horas de traballo, tanto por parte dos funcionarios coma por parte do goberno municipal. A continuación di que seguro que





Concello de Mugardos
(A Coruña)

se poden facer as cousas mellor e que seguro que tamén se cometeron erros, pero que sempre miraron dúas cousas, por un lado deixar o Concello saneado e por outro estar cos veciños que máis necesitaban os servizos; apoio aos veciños que se concretou na incorporación a servizos sociais de moitísima xente que pasaba por dificultades e no rescate a tódolos autónomos e empresas deste Concello que ían a caer nunha pandemia que non tiña miramentos. De seguido, o sr. Alcalde di que asume tódalas críticas pero que teñen que ser reflexivos e que temos que saber que estamos a vivir uns tempos moi difíciles para calquera, e que cre que fixeron bastantes cousas tendo en conta o que tiveron que regularizar, aínda que sabe que hai moito traballo por facer. Para rematar, o sr. Alcalde di que quere agradecer a tódolos grupos municipais o seu esforzo e apoio a moitas iniciativas durante a pandemia. E non habendo máis intervencións no presente punto da orde do día, polo sr. Alcalde sométese o asunto a votación.

Rematadas as intervencións, sométese a votación a Conta Xeral do Exercicio 2020, e o Concello Pleno, tendo en conta o informe emitido pola interventora municipal en data 26.01.2022, obrante no expediente, así como o ditame da Comisión Informativa Especial de Contas celebrada o día 17.02.2022, e tendo en conta, así mesmo, que durante o prazo de exposición pública transcorrido dende o 21.02.2022 ata o 11.03.2022, ámbolos dous inclusive, non se ten presentado alegación algunha, por 8 votos a favor (5 PP, 3 PSOE) e 2 abstencións (2 EU-SON EN COMÚN), acorda:

Primeiro.- Aprobar a **CONTA XERAL** desta Entidade, correspondente ao **exercicio 2020**, nos propios termos en que aparece rendida, e co seguinte resumo nas principais magnitudes patrimoniais e económico-financeiras:

Balance de situación a 31.12.2020: Total Activo= Pasivo e Patrimonio Neto	25.075.072,62 €
Conta do Resultado Económico-patrimonial: Desaforro	-191.370,69 €
Estado de cambios patrimonio neto.Patrimonio a 31.12.2020	22.962.924,98 €
Resultado Orzamentario axustado	504.972,16 €
Inmovilizado material: Saldo Final a 31.12.2020	21.368.639,48 €
Tesourería: Saldo Final a 31.12.2020	1.682.971,09 €
Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais	1.434.869,17 €
Acredores por operacións devengadas	741.872,14 €





Concello de Mugardos
(A Coruña)

--	--

Segundo.- Que o expediente da Conta Xeral se renda ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas en cumprimento do disposto no artigo 212.5 do TRLRFL.

E non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión ás nove horas e trinta e cinco minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose a presente acta para constancia do acordado, e que asina o sr. Alcalde e da que eu, como Secretario Xeral Accidental do Pleno Municipal, dou fe; facéndose constar que as intervencións producidas durante a celebración da sesión quedaron recollidas nun documento (audio-acta) que forma parte da acta, no que á transcripción das intervencións se refire, e que se atopa custodiado no sistema informático do Concello de Mugardos, pudiendo accederse ao mesmo a través da seguinte dirección de internet:

<https://actasesionesdigital.smartis.es/mugardos/visor.aspx?id=42>

Correspondendo ao seu contido o seguinte código de integridade (SHA-256):
ef79d5f766a3c6e0c79693f2f16ca78a93eecac9207869fb6e0d08adce06900e

Vº e praxe
O ALCALDE

ACTA DO PLENO
Número: 2022-0004 Data: 26/04/2022



Cod. Validación: 936KRES34R4DY9FBG64LA3SG | Corrección: https://mugardos.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6